

ID: 1329

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO

Na cidade de Ourense, a dezaoito de maio de dous mil.

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado " Esperón, Serra Ladeiras e O Viso " , por solicitude dos veciños de Fonte Arcada e Mosteiro, no Concello dos Blancos.

RESULTANDO que con data 10 de maio de 1996, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Fonte Arcada , Concello dos Blancos (Ourense), solicitando se declare o monte " Esperón , Serra Ladeiras e O Viso " coma veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 12 de xuño de 1996 acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. Abel Carvajales Santacufemia e a D. Manuel Bouzas Costa quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Fonte Arcada, ó Ilmo. Sr.



presidente da Deputación provincial de Ourense, ó Sr. alcalde- presidente do Concello dos Blancos, á delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vicenda, á Xerencia Territorial do Castastro, e ó xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, e Confederación Hidrográfica do Norte, ó xefe do Servizo de Estructuras e Desenvolvemento Rural, publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello dos Blancos , durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, e que durante o prazo sinalado en edictos para que os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia , como segue:

Anotación A, da leira nº 7.369, ó folio 76; anotación A, da leira 7370, ó folio 77; anotación A, da leira 7371, ó folio 78, todas elas do mesmo tomo 679, Libro 33, dos Blancos

Resultando que o Servizo de Montes e Industrias Forestais precisou e corrixiu os lindeiros dos montes no seguinte sentido:

Monte Esperón:

- Norte: leiras particulares de Fonte Arcada.



- Sur: Concello de Calvos de Randín (Monte veciñal en man común de Feás), Concello de Baltar (monte veciñal en man común de Maus e Toxende) e zona de monte consorciado coa administración, sen clasificar.
- Leste: zona de monte consorciado coa administración, sen clasificar.
- Oeste: Concello de Calvos de Randín (monte veciñal de Feás e Serois), coincidente co dito termo municipal.

Monte Serra Ladeiras:

- Norte: leiras particulares
- Sur: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Leste: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Oeste: concello de Calvos de Randín (monte veciñal en man común de Serois), coincidente co dito termo municipal.

Monte O Viso:

- Norte: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Sur: leiras particulares do Campo.
- Leste: leiras e comunal de Ortigueado.
- Oeste: leiras particulares de Fonte Arcada.

Resultando que os promotores da clasificación do monte presentan alegacións xunto cun novo mapa definitivo do límite dos montes para que sirva



de base para a clasificación que presenta cambios substanciais respecto á clasificación inicialmente solicitada no que se refire ó monte Serra Ladeiras ó que engade unha superficie de 33,479 ha, aproximadas, sita ó norte e ó que denominan "A Veiga" e no que se refire ó monte denominado Esperón ó que engaden un enclave sito aproximadamente entre os tres montes e do que non proporcionan superficie nin lindeiros.

Resultando que en período de alegacións se precisa o linde sur do monte Esperón polos veciños de Covas e polo tanto o monte do que xa solicitaran a clasificación, recoñecendo que "o lindeiro vai dende a Fonte da Cunca e continua polo regato que recolle a auga que mana desa fonte".

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias



aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado, 3) que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico-romano; 4) que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescritible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuñeiros pedi-la "actio communi dividundo".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Fonte Arcada e Mosteiro, no Concello dos Blancos.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de Fonte Arcada e Mosteiro, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que os cambios que introduce o novo mapa presentado polos veciños de Fonte Arcada e Mosteiro no sentido de incluír dúas novas superficies independentes das que non facilitan lindeiros, e respecto das que non se realizaron as



oportunas publicacións, nin librado mandamento de anotación preventiva ó rexistro da propiedade, son de tal entidade que requiren a tramitación e instrucción completa do correspondente expediente de clasificación e coma montes veciñais en man común dos devanditos montes.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, a instancia dos veciños de Fonte Arcada, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de procedemento administrativo do 26 de novembro de 1992 modificada pola Lei 4/1999.

Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:



ACORDA

Primeiro. Clasifica lo monte denominado "Esperón, Serra Ladeiras e O Viso", de 146 ha, aproximadamente en conxunto, de superficie a favor dos veciños dos lugares de Fonte Arcada e Mosteiro, no Concello dos Blancos, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermónica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Os Blancos

Denominación do monte: "Esperón, Serra Ladeiras, e O Viso".

Comunidade propietaria: lugares de Fonte Arcada e Mosteiro

Superficie: 146 ha, aproximadamente en conxunto.

Monte denominado "Esperón", dunha superficie de 47 ha aproximadamente e coas seguintes extremas:

- *Norte: Leiras particulares de Fonte Arcada.*
- *Sur: Concello de Calvos de Randín (monte veciñal en man común de l'eás), Concello de Baltar (monte veciñal en man común de Maus e Toxende) e Monte de Covas dende a Fonte da Cumca, continuando polo regato que recolle a auga que mana dese fonte: zona de monte consorciado coa administración, sen clasificar.*
- *Leste: zona de monte consorciado coa administración, sen clasificar.*



- Oeste: Concello de Calvos de Randín (monte veciñal de Feás e Serois), coincidente co dito termo municipal.

Monte denominado "Serra Lodeiras" , dunha superficie de 82 ha aproximadamente e coas seguintes extremas

- Norte: leiras particulares.
- Sur: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Leste: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Oeste: concello de Calvos de Randín (monte veciñal en man común de Serois), coincidente co dito termo municipal.

Monte denominado "O Viso" , dunha superficie de 17 ha aproximadamente e coas seguintes extremas:

- Norte: leiras particulares de Fonte Arcada.
- Sur: leiras particulares do Campo.
- Leste: leiras e comunal de Ortiguedo.
- Oeste: leiras particulares de Fonte Arcada.

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifícase esta resolución ó Sr. alcalde-presidente do concello, ós representantes da comunidade veciñal, ó Sr. xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia (artigos 109 e 116 da lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).



